

# **ORDENANZA REGULADORA DA TAXA POR ASISTENCIA DE MENORES Á GARDERÍA MUNICIPAL.**

## **Artigo 1º- CONCEPTO.**

De conformidade co que se establece nos arts. 133.2 e 142 da *Constitución*, o art. 106 da *Lei 7/88, reguladora dos bens de réxime local*, e os art. 20.4.ñ e 24.1 da *Lei 39/88, reguladora das facendas locais*, este concello establece a taxa por asistencia de menores na Gardería Infantil Municipal, que se rexerá pola presente ordenanza.

## **Artigo 2º- FEITO IMPOÑIBLE.**

Constitúe o feito imponible desta ordenanza, a estancia de menores desde a idade de 3 meses, ata os 3 anos cumpridos antes do 31 de decembro, na gardería municipal, previa solicitude dos seus pais ou titores.

## **Artigo 3º- SUXEITO PASIVO.**

Son suxeitos pasivos da taxa as persoas físicas e xurídicas e as entidades a que se refire o artigo 33 da *Lei xeral tributaria* que soliciten a prestación do servizo de que se trata.

## **Artigo 4º- RESPONSABLES.**

Responderán solidariamente das obrigas tributarias do suxeito pasivo, as persoas físicas e xurídicas a que se refiren os artigos 38.1 e 39 da *Lei xeral tributaria*.

Serán responsables subsidiarios os administradores das sociedades e os síndicos, interventores ou liquidadores de quebras, concursos, sociedades e entidades en xeral, nos supostos e co alcance que sinala o artigo 40 da *Lei xeral tributaria*.

### **Artigo 5º- EXENCIONES.**

Estarán exentos de pagamento aqueles solicitantes, pais ou titores dos menores que asistan á gardería municipal, cando concorran as seguintes circunstancias: que traballando os dous membros, teñan unha renda “per-cápita” familiar inferior a 120,20 €, calculada segundo o establecido no Regulamento da Gardería.

### **Artigo 6º- BONIFICACIÓN.**

Non se contemplan.

### **Artigo 7º- COTA TRIBUTARIA, TARIFA E DEVENGO.**

- a) A cota tributaria estará determinada por unha cantidade fixa mensual, sinalada na tarifa establecida a continuación:
- b) **A tarifa da taxa é a seguinte:**

<b>RENDA PER-CÁPITA</b>		<b>Xornada Completa</b>	<b>Media Xornada</b>	<b>Horario Ampliado</b>
Inferior ó 30% do SMI	138,15 €	EXENTO	EXENTO	EXENTO
Do 30% ó 50% do SMI	138,16 a 230,25 €	EXENTO	EXENTO	6,87 €
Do 50% ó 75% do SMI	230,26 a 345,38 €	33 €	23 €	6,87 €
Do 75% ó 100% do SMI	345,39 a 460,50 €	66 €	46 €	6,87 €
Do 100% ó 150% do SMI	460,51 a 690,75 €	99 €	69 €	13,75 €
Superior ó 150% do SMI	690,76 €	110 €	76 €	13,75 €

- Amplo horario: permanencia do menor máis de 8h no centro.

### **DESCONTOS**

FAMILIA NUMEROSA	20%
FAMILIA MONOPARENTAL	20%
OUTROS IRMÁNS DO CENTRO	20% CON CARACTER XERAL/ PARTO MÚLTIPLE 30%
INGRESO DESPOIS DO DÍA 15 DO MES	50% DA COTA

Estes descontos serán acumulables cando se dean nunha mesma persoa.

O pagamento das tarifas será mensual e deberán abonarse nos dez primeiros días do mes seguinte a aquel ó que corresponda o devengo. Cando non sexan meses completos en situación de alta, abonarase a parte proporcional correspondente.

Non se abonará a tarifa que corresponde ó mes no que o centro permaneza pechado por razóns de vacacións de verán.

Se por calquera motivo o centro permanecese pechado durante un número superior a 15 días consecutivos non se aboará a tarifa que corresponda a este mes.

A inasistencia do usuario durante un período determinado, non suspenderá ningunha redución nin exención da tarifa, mentres non se formalice a baixa correspondente, salvo circunstancias especiais debidamente xustificadas que serán informadas polos traballadores sociais deste concello.

- c) A taxa devengarase e nace a obriga de pagala cando se presente a solicitude de ingreso e despois o primeiro día de cada mes en que permaneza o alumnado en alta.
- d) Causarase baixa na gardería polo impagamento da cota establecida durante dous meses consecutivos ou tres alternos, calquera que sexa o curso escolar ó que se refira a débeda.

### **Artigo 8º-*INFRACCIÓNS E SANCIÓN*S.**

En todo o relativo a cualificación de infraccións tributarias así como das sancións que a estas correspondan en cada caso, estarase ó que se dispón nos artigos 77 e seguintes da *Lei xeral tributaria*.

### ***DISPOSICIÓN ADICIONAL.***

Continúa en vigor o Regulamento de Réxime Interno da Gardería Municipal.

**DISPOSICIÓN DERRADEIRA.**

A redacción da presente ordenanza fiscal foi aprobada polo Pleno da Corporación na sesión que se celebrou o día 27/11/1998, entrará en vigor o mesmo día da súa publicación definitiva no *BOP*, será de aplicación a partir do 1/1/1999, e estará en vigor ata a súa derogación ou modificación expresa.

Esta ordenanza foi modificada no artigo 7 e esta modificación, xa introducida neste texto, e publicada no *Boletín Oficial da Provincia*, do 21 de agosto do 2004, entrou en vigor a partir desta publicación, será de aplicación a partir do 1 de setembro de 2004 e permanecerá en vigor ata a súa modificación ou derogación expresa.